

Rogos e preguntas do Pleno de maio de 2022

Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.

Pregunta: O ano pasado o Concello de Bueu repetiu o programa ‘Concilia Bueu’, unha iniciativa que abriu o seu prazo de inscrición o 15 de xuño e que non comezou até o 1 de xullo. Dese xeito, moitas familias tiveron dificultades para conciliar desde o 22 de xuño (día en que remataban as aulas e o prazo de inscrición) até o 1 de xullo, así como non souberon até o 14 de xuño que se ía levar a cabo a iniciativa. Diferentes concellos da nosa contorna xa fixeron este ano anuncios sobre actividades desta índole para facilitar a planificación familiar, mentres que desde o Concello de Bueu non se comunicou nada. Cales van ser os prazos de inscrición? A actividade vai comezar o día en que rematen as clases ou o 1 de xullo? Cantas prazas se van convocar? Hai previsión de amplialas se a demanda o recomendase? Quen vai xestionar a iniciativa este ano e con que criterios se vai escoller a mellor empresa/colectivo? Que horario terá?

Resposta: ao igual ca en anos anteriores, este verán repetiremos o programa ‘Concilia Bueu’ cos mesmos horarios que na pasada edición, que se está xestionando dende o departamento de Benestar Social. Ao longo das semanas pasadas xa se solicitaron os proxectos nos que se valorarán o tipo de actividades que ofrecen, así como que contén con persoal especializado en necesidades especiais. En canto ao comezo, o programa arrancará o 1 de xullo, posto que as actividades lévanse a cabo nas instalacións dun centro educativo no que son necesarias certas tarefas de limpeza e mantemento dende o remate das clases ao comezo do programa Concilia Bueu.

Pregunta: Tendo en conta que todos os anos o Concello se demora sobremaneira na prestación do servizo de socorrismo nas praias de Bueu, ten xa o goberno local decidido o sistema de elección de socorristas? Farao o propio Concello ou contratarase unha empresa privada? Cando está previsto iniciar a tempada de limpeza dos areais bueueses?

Resposta: dende o departamento de turismo estase traballando xa en todos os trámites para garantir a prestación do servizo de socorrismo na tempada estival do 2022. Hai que lembrar que a demora dos anos anteriores viña derivada pola tardanza na comunicación da resolución da subvención por parte da Xunta de Galicia. En canto á limpeza dos areas, antes da Semana Santa fixemos un desbroce nos accesos e limpamos con máquina algúns deles. Estes labores intensificaranse durante o verán, tanto con maquinaria como con medios manuais.

Pregunta: Á vista das numerosas queixas existentes o pasado ano sobre os verquidos da estrada de acceso a Area de Bon, o goberno local vai impulsar algunha actuación para evitar esta problemática?

Resposta: O Concello continuará coa ampliación da rede de saneamento nos diversos lugares, priorizando os núcleos e as aldeas tradicionais. En canto aos verquidos, existen informes da Policía Local dos que se deron indicacións para que se trasladasen a Seprona. En todo caso, comprobaremos a situación dos mesmos.

Pregunta: Hai un tempo, o goberno local anunciou a realización dunhas obras de saneamento na Costa de Figueirón. Con cargo a que plan/subvención se van realizar? A canto ascende o importe total (IVE incluído)? En que data está previsto o comezo das obras?

Resposta: parte das obras xa se acometeron sobre os viais municipais e, tendo en conta a imposibilidade de continuar a través de fincas privadas, o Concello decidiu adquirir uns terreos para poder completar a actuación. Esa adquisición de terreos está pendente dos correspondentes informes técnicos e procedementos administrativos. Os traballos véñense realizando a través da contratación de medios auxiliares e coa colaboración entre o Concello e FCC Aqualia, como xa é habitual.

Rogos

A Sra. Estévez Freire

Roga respecto da entrada do colexio que se poña un cartel de “prohibido cans”.

Roga que se é posible en San Amedio limpar un pouco.

A Sra. Villanueva Reboiras

Roga o arranxo dunha edificación en Tomás Bolívar na que lle caen unhas pedras.

Roga que se arranxen uns bancos que en María Eugenia están en mal estado, tamén que se arranxe un asento no parque.